

## ACHEGA Ó ESTUDO DOS ORNITOMORFOS ACUÁTICOS DA CULTURA CASTREXA GALAICA: ANACO DE FÍBULA INDÍXENA ORNADO CUN PATO CULLERETE (*ANAS CLYPEATA*)

Por Laureano FERNÁNDEZ CARBALLO

Universidade de Santiago de Compostela

*Adicado, de todo corazón, á miña mai, Celina.*

**Abstract:** Thanks to this work we wanted to make know the finding of an important galaic brooch of ornithological interest and the highest rarity (no others known). At the same time, we show, with new and varied examples, the tendency, which was guessed but now confirmed, of the Galaic Castrexa Culture to representate, during the Iron Age, acuatic ornithomorphs. On the other hand, this tendency is coherent with the Indo-European and Celtic-Atlantic character of this land-ending culture.

**Keywords:** Iron Age, Castrexa Culture, Galaic Brooch, Shoveler.

*Non paraban d'abrollar  
E cismabamos que non eran d'eiquí  
(Seamus Heaney, 1975)*

*Traballo nortado pola Prof. Dra. Raquel Casal e pola Prof. Dra. Josefa Rey Castiñeira. Amicus certus in re incerta cernitur. Outrosí, un agradecimento especial ó catedrático José Carlos Bermejo Barrera pola súa, sempre xenerosa, axuda.*

## APRESENTAZÓN

Recentemente tivemos a, sempre apaixonante (ACUÑA CASTROVIEJO, 1996: 25-39), oportunidade de estudar con vagar unha descoñecida e esquisita criazón da antiga arte castrexa galaica (**Lámina I**). Achada acaso, fai moitos anos, no tempo duns traballos agrícolas nalgunha agra incerta da península d'O Morrazo (Pontevedra) e agasallada ós vixentes propietarios, estamos a falar dun pequeno e inédito bronce, un fermoso e singular (único, de feito) anaco de fíbula indíxena, magnificamente conservado (mália pequenas picadelas e insignificantes oxidazóns). Rendemos grazas ós propietarios da peza pola súa amábel e xenerosa colaboración.

## DESCRIZÓN

**Tipoloxía:** derivazón indíxena (trasmontana?) das fíbulas hallstätticas de pé erguido con botón (*Fusszierfibeln*). (FORTES, 1905: 15-33; LÓPEZ CUEVILLAS, 1950: 5-20; BLANCO FREIJEIRO, 1957: 137-157; CASTRO NUNES, 1958: 231-233; DA PONTE, 1980; 1989; FARIÑA BUSTO e ARIAS VILAS, 1980: 183-196; COELHO FERREIRA DA SILVA, 1986; BRUN, 1987; CORTEGOSO COMESAÑA e VIÑAS CUÉ, 1994-1995: 117-126).

**Material:** bronce (MONTEAGUDO, 1983: 365-398; MOHEN, 1992).

**Descrizón:** Pé erguido e con mortalla, ornado con sucesivas molduras a compor anelados, encimado por un apéndice cónico inverso que aniña, soldado á súa concavidade, un parruliño en vulto redondo.

**Conservazón:** moi boa (agás polas devanditas picadelas e oxidazóns).

**Dimensións:** 3,5 cm x 2,1 cm.

**Peso:** 8,4 g.

**Cronoloxía:** ss. IV a.C.-II a.C. (LÓPEZ CUEVILLAS, 1950: 5-20; BLANCO FREIJEIRO, 1957: 137-157; FARIÑA BUSTO e ARIAS VILAS, 1980: 183-196; COELHO FERREIRA DA SILVA, 1986; CORTEGOSO COMESAÑA e VIÑAS CUÉ, 1994-1995: 117-126).

**Depósito:** propiedade particular.

## ANÁLISES METÁLICAS

O anaco de fíbula foi analísado polo Prof. Dr. Francisco Guitián Rivera, director do Instituto de Cerámica de Galiza (I.C.G. – Universidade de Santiago de Compostela), por meio de Microscopía Electrónica de Barrido e Microanálise E.D.S..

As tecnoloxías empregadas para as análises foron un Microscopio Jeol JSM 6400 e un Analisador Oxford-Link EXL, respectivamente.

Os resultados acadados amosan no bronce unha liga binaria de Cu (26%) e Sn (71%), vestixios de Fe (2%) e nulas pegadas de Pb.

Compre salientar que, a moi longo tempo, a acedume do chan galaico dissolve o cobre dos obxectos brónceos soterrados, fenómeno que revela a notábel abundancia de estaño na tona do anaco de fíbula (enriquecemento) e que garante, xa que logo, unha moi recuada antigüidade da peza.

## IDENTIFICAZÓN DUN PATO CULLERETE (*ANAS CLYPEATA*)

Determinados a tirar o máximo proveito posíbel dos gráciles rasgos naturalistas verquidos no ornato ornitomorfo dista xóia única, solicitamos a colaboura do catedrático Victoriano Urgorri Carrasco e do Prof. Dr. Jesús Domínguez Conde, especialistas do Departamento de Bioloxía Animal da Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

Logo dun atento, amplo e coidadoso exame, os expertos concordaron na considerábel posibilidade de identificar ó pato cullerete (*Anas Clypeata*, 48-51 cm e 630 g) co ornitomorfo acuático que salienta, sobranceiro, aniñado (nunca millor dito) no seo da campánula do anaco de fíbula. A identificazón alicérzase en diversos rasgos, máximamente no seu inconfundíbel peteiro (moi grande, anchuroso e longo, a xeito de culler), privativo dista notábel e chamativa ave palmípeda (da orde anseriforme e familia dos anátides) relativamente abundosa, aínda hoxe en día, como volátil invernante, entre setembro e febreiro (a marchar en marzo), nos hábitat acuáticos de auga doce do noso país.

Na actualidade, o pato cullerete (**Lámina II**) non cría niñadas en Galiza (6-12 ovos, a chocar durante 26 días nun niño verde, forrado con peluxe, no chan e perto da auga). A súa derradeira nidificazón foi enxergada apenas principiado o século pasado. Contodo, o Período Climático Subatlántico (período que abranxe a fin da Idade do Bronce e á Cultura Castrexa Galaica da Idade do Ferro), coa súa elevazón da temperatura, o seu aumento da humidade e a súa medra da vexetazón, achegou un hábitat benéfico no que istas aves, de certo, abrollaron ferazmente.

## PARALELOS DO ORNITOMORFO ACUÁTICO NA CULTURA CASTREXA GALAICA (COMPILAZÓN ACTUALIZADA)

Atopamos representazóns de ornitomorfos acuáticos nas seguintes pezas (**Lámina III**):

1. Fíbula d'O Morrazo (Pontevedra): apresentada neste traballo.
2. Cerámica do castro de Sabroso (Minho): (GORDON CHILDE, 1950: 5-16; ELSDON, 1975; CARDOZO, 1996: 64, EST. XLI, 1; PÉREZ OUTEIRIÑO, 1980: 9-24).

3. Torques de Vilas Boas (Tras-os-Montes): (SAAVEDRA MACHADO, 1965: 75 ss.; PÉREZ OUTEIRIÑO, 1980: 9-24; ELUÈRE, 1982; 1987; CASTRO PÉREZ, 1990; MOSCATI, 1991; FERNÁNDEZ CARBALLO, 2001: 133-148).

4. Arracada de Vilar de Santos (Ourense): (ROES, 1932: 197-206; LÓPEZ CUEVILLAS, 1939: 141-148; BLANCO FREIJEIRO, 1957: 137-157; PÉREZ OUTEIRIÑO, 1980: 9-24; 1982: 85-89).

5. Torques do Museu Provincial de Lugo (Lugo): (LÓPEZ CUEVILLAS, 1951a; PEINADO Y GÓMEZ, 1965; PÉREZ OUTEIRIÑO, 1980: 9-24; ELUÈRE 1982; 1987; CASTRO PÉREZ, 1990; 1992; BALSEIRO GARCÍA, 1994; CASAL GARCÍA, R. e FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, 1998: 245-251; FERNÁNDEZ CARBALLO, 2001: 133-148).

6. Diadema Bedóia (A Coruña): (BLANCO FREIJEIRO e FILGUEIRA VALVERDE, 1954: 163 ss.; PÉREZ OUTEIRIÑO, 1980: 9-24; ELUÈRE, 1982; 1987; BALSEIRO GARCÍA, 2000).

7. Conteira de Portela de Joubreia (Minho): (COELHO FERREIRA DA SILVA, 1986: 202, núm. 271, EST. XC, 5 A-B).

8. Diadema de Cangas de Onís (Asturias): (LÓPEZ CUEVILLAS, 1951a; BLANCO FREIJEIRO, 1957: 137-157; ELUÈRE, 1982, 1987; BALSEIRO GARCÍA, 2000).

9. Diadema de Ribadeo (Lugo): (GARCÍA Y BELLIDO, 1941: 560-563; LÓPEZ CUEVILLAS, 1951a; 1951b; 1989; BLANCO FREIJEIRO, 1957: 137-157; PÉREZ OUTEIRIÑO, 1980: 9-24; ELUÈRE, 1982, 1987; BALSEIRO GARCÍA, 1994; 2000; MARCO SIMÓN, 1994: 319-348).

10. Diadema do castro de Elviña (A Coruña): (MONTEAGUDO, 1954: 236 ss.; LUENGO MARTÍNEZ, 1979: 231-249; PÉREZ OUTEIRIÑO, 1980: 9-24; ELUÈRE, 1982; 1987; BALSEIRO GARCÍA, 2000).

11. Cerámicas dos castros de Cameixa (Ourense), Fozara (Pontevedra), San Cibrán de Lás (Ourense), Castromao (Ourense), Mosteiro (Ourense), Toralla (Pontevedra), Troña (Pontevedra) e Vigo (Pontevedra): (RODRÍGUEZ PUENTES, 1986: 155-163: lám. LXXI, núm. 350; 112-124: lám. XXXI, núm. 164; 164-174: lám. LXXXI, núm. 446 e 448, lám. LXXX, núm. 435; 175-185: lám. XCIII, núm. 503, lám. XCVI, núm. 528; 144-154: lám. LX, núm. 369; 99-111: lám. XVII, núm. 88, lám. XXIII, núm. 122, lám. XX, núm. 106, lám. XXVIII, núm. 157, lám. XXV, núm. 133; 125-143: lám. LI, núm. 278 e 284, lám. XLII, núm. 217; 85-98: lám. XIV, núm. 71 e 72; 1995: 97-113). (GORDON CHILDE, 1950: 5-16; ELSDON, 1975; REY CASTIÑEIRA, 1991; 1995: 165-171; 1997: 159-206; 2000: 359-372; 2001).

(Lámina IV): 1, Cameixa; 2, Fozara; 3-5, San Cibrán de Lás; 6-7, Castromao; 8, Mosteiro; 9-13, Toralla; 14-16, Troña; 17-18, Vigo.

## **O PATO NA MITOLOXÍA INDOEUROPEA**

Nun vindiouro traballo (arestora, «a chocar») mergullarémonos a fondo nista acuática (LÓPEZ CUEVILLAS, 1949: 263-264; 1989; VRIES, 1963; CUNLIFFE, 1974; 1993; 1998; ALONSO ROMERO, 1976; ROSS, 1986) e cuase pato-lóxica (TOYNBEE, 1973; DAVIDSON, 1988; PRIEUR, 1988; GREEN, 1989; 1992; STERCKX, 2000) ornitomanía (**Lámina V**) da Cultura Castrexa Galaica (BERMEJO BARRERA, 1982; 1986; VÁZQUEZ VARELA, 1994; 1995; GARCÍA QUINTELA, 1999). Polo de agora, à *vol d'oiseau*, adiantar que non hai moitas informazóns arredor dos patos na mitoloxía grega e latina. Ó traveso dela sabemos que se utilizaban como mantenza (en especial para os doentes), empregábanse como agasallo e, en Grecia, era un animal consagrado ó deus Poseidón. Existe, tamén, un mito segundo o cal unha das Piérides é metamorfoseada en pato. Xa logo disto, sabemos que o seu sangue aplicábase como antídoto contra o veneno (POLLARD, 1977: 65-66, 104, 113, 139, 148 e 167; Der Neue Pauly, s.v. Ente). Contodo, o pato é un animal que posúe unha ampla mitoloxía na India antiga e no folclore eslavo, mitoloxía que comparte con outras aves coma o cisne, o ganso e o pombo.

Na mitoloxía rusa, o pato revélase coma un animal auxiliador que contribúe a salvar ós herois mozos, tendo unha estreita relación non só coa auga, xa logo tamén co sol. Diste xeito, por exemplo, nun conto ruso, o pato fai o seu niño na testa dun ladrón caído do ceo, pondo un ovo de ouro pola mañá (do que nasce o sol) e un ovo de prata pola noite (do que nasce a lúa). Os ovos do pato dourado, outrosí na mitoloxía eslava, causan a morte de monstros e meigas.

Na mitoloxía hindú, o pato é un animal amplamente representado. Dista sorte, por exemplo, o deus Agni, deus do lume, represéntase coma un pato (ou un cisne) na auga. Nista mesma mitoloxía, os patos áchanse relacionados con persoaxes míticas xemelgas, coma os Maruts (comparados con dous patos negros) e os Asvins (comparados con patos de asas douradas que acordan coa alborada e se mergullan na auga). O pato é, tamén, unha encarnazón do deus Indra, deus guerreiro (nisa forma recibe o nome de Bribus) caracterizado por seren constructor e carpinteiro. Iste mesmo deus colle os seus tesouros das testas dos Panayas, deuses co feitío de pato, todo elo testemuña do vencello entre as augas míticas e os tesouros. O deus Brahma cabalga nun pato branco. No Ramayana, o ceo é comparado a un lago no que faísca o sol, un pato dourado. No Mahabharata, os patos actúan coma mensaxeiros amorosos (pra todo isto ver DE GUBERNATIS, 1872: 306 ss.).

**AGRADECIMENTOS:** A Roberto Novo Sánchez (composición infográfica); Ismael Branco Casais, Jesús Domínguez Conde, Marco V. García Quintela, Francisco Guitián Rivera, Antonio Roma Valdés e Victoriano Urgorri Carrasco.

Chantada (Lugo), setembro do 2002

## BIBLIOGRAFÍA

- ACUÑA CASTROVIEJO, F. (1996): «Historiografía e investigación da cultura castrexa en Galicia». *A cultura castrexa galega a debate*. Instituto de Estudos Tudenses. Tui: 25-39.
- ALONSO ROMERO, F. (1976): *Relaciones atlánticas prehistóricas entre Galicia y las Islas Británicas y medios de navegación*. Gráficas Numen. Vigo.
- BALSEIRO GARCÍA, A. (1994): *El oro prerromano en la provincia de Lugo*. Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo. Lugo.
- (2000): *Diademas áureas prerromanas*. Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo. Lugo.
- BERMEJO BARRERA, J. C. (1982): *Mitología y mitos en la Hispania prerromana, I*. Editorial Akal. Madrid.
- (1986): *Mitología y mitos en la Hispania prerromana, II*. Editorial Akal. Madrid.
- BLANCO FREIJEIRO, A. (1957): «Origen y relaciones de la orfebrería castreña». *C. E. G.*, vol. 12, núm. 38. Santiago de Compostela: 137-157.
- BLANCO FREIJEIRO, A. e FILGUEIRA VALVERDE, J. (1954): «Nuevas joyas prehistóricas gallegas. El Tesoro Bedoya». *C. E. G.*, vol. 9. Santiago de Compostela: 163 ss.
- BRUN, P. (1987): *Princes et Princesses de la Celtique. Le premier Âge du Fer (850-450 av. J.-C.)*. Ed. Errance. Paris.
- CARDOZO, M. (1996): *Citânia de Briteiros e Castro de Sabroso*. (13ª edición). Sociedade Martins Sarmento. Guimaraes.
- CASAL GARCÍA, R. e FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C. (1998): «Acerca de otro nuevo torques de alambres enrollados». *Gallaecia.*, vol. 17. Santiago de Compostela: 245-251.
- CASTRO NUNES, J. (1958): «Broches y fíbulas en castros portugueses». *Zephyrus.*, vol. 9. Salamanca: 231-233.
- CASTRO PÉREZ, L. (1990): *Os torques prehistóricos*. Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela.
- (1992): *Los torques de los dioses y de los hombres*. Editorial Vía Láctea, A Coruña.
- COELHO FERREIRA DA SILVA, A. (1986): *A cultura castreja no noroeste de Portugal*. Cámara municipal de Paços de Ferreira e Museu Arqueolóxico da Citânia de Sanfins. Paços de Ferreira.
- CORTEGOSO COMESAÑA, M. e VIÑAS CUÉ, R. (1994-95): «Breve revisión historiográfica de las fíbulas en el Noroeste Peninsular». *Castrelos.*, vol. 7-8. Vigo: 117-126.
- CUNLIFFE, B. (1974): *Iron Age Communities in Britain*. Routledge and Kegan Paul. London.
- (1993): *L'Univers des Celtes*. Bibliotheque de l'Image. Paris.
- CUNLIFFE, B., ed. (1998): *Prehistoria de Europa*. Editorial Crítica. Oxford.
- DA PONTE, M. S. (1980): «A génese das fíbulas no NW peninsular». *Actas do Seminario de Arqueología do Noroeste Peninsular*. Guimaraes.
- (1989): «As fíbulas do Bronce Final Atlántico / 1ª Idade do Ferro, no Noroeste Peninsular. Abordagem e enquadramento cultural». *Trabalhos de Antropología e Arqueología.*, núm. 29. Porto.
- DAVIDSON, H. R. E. (1988): *Myths and Symbols in Pagan Europe*. Manchester.
- DE GUBERNATIS, A. (1872): *Zoological Mythology, vol. II*. Trübner & Co. London.

- ELSDON, S. M. (1975): «Stamp and Roulette Decorated Pottery of the La Tène Period in Eastern England». *British Archaeological Reports.*, núm. 10. Oxford.
- ELUÈRE, CH. (1982): *Les ors préhistoriques*. Picard. Paris.
- (1987): *L'or des Celtes*. Bibliothèque des Arts. Office du Livre. Fribourg.
- FARIÑA BUSTO, F. e ARIAS VILAS, F. (1980): «Aportazón ó estudo das fíbulas atopadas nos castros galegos». *Actas do Seminario de Arqueología do Noroeste Peninsular.*, vol. 2. Guimaraes: 183-196.
- FERNÁNDEZ CARBALLO, L. (2001): «O guerreiro galaico de Ralle (Taboada-Lugo): Relectura etnoarqueolóxica do torques». *Gallaecia.*, vol. 20. Santiago de Compostela: 133-148.
- FORTES, J. (1905): «As fíbulas no Noroeste da Península». *Portugalia*. Porto: 15-33.
- GARCÍA QUINTELA, M. V. (1999): *Mitología y mitos en la Hispania prerromana, III*. Editorial Akal. Madrid.
- GARCÍA Y BELLIDO, A. (1941): «El caldero de Cabárceno y la diadema de Ribadeo. Relaciones con las Islas Británicas». *AEArq.*, vol. 14, núm. 45. Madrid: 560-563.
- GORDON CHILDE, V. (1950): «Algumas analogias das cerâmicas pre-historicas británicas com as portuguesas». *Revista de Guimaraes.*, vol. 60. Guimaraes: 5-16.
- GREEN, M. J. A. (1989): *Symbol and Image in Celtic Religious Art*. London.
- (1992): *Animals in celtic Life and Myth*. London.
- LÓPEZ CUEVILLAS, F. (1939): «Una nueva arracada posthallstática». *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Ourense.*, vol. 12. Ourense: 141-148.
- (1949): «Sobre las relaciones con Bretaña y con Inglaterra». *C.E.G.*, vol. 4. Santiago de Compostela: 263-264.
- (1950): «Las fíbulas castreñas y su significado etnológico». *C. E. G.*, vol. 5. Santiago de Compostela: 5-20.
- (1951a): *Las joyas castreñas*. Centro de Investigaciones Científicas «Rodrigo Carro». Madrid.
- (1951b): «La diadema áurea de Ribadeo». *C. E. G.*, vol. 6. Santiago de Compostela: 23-31.
- (1989): *La civilización céltica en Galicia*. (1ª edición, 1924). Ediciones Istmo. Madrid.
- LUENGO MARTÍNEZ, J. M. (1979): «El tesoro de Elviña y tres torques coruñeses». *Trabajos de Prehistoria.*, vol. 36. Madrid: 231-249.
- MARCO SIMÓN, F. (1994): «Heroización y tránsito acuático: sobre las diademas de Mones (Piloña, Asturias)» en J. Mangas e J. Alvar, eds., *Homenaje a José M. Blázquez.*, vol. 2. Madrid: 319-348.
- MOHEN, J.-P. (1992): *Metalurgia prehistórica. Introducción a la Paleometalurgia*. Editorial Masson. Barcelona.
- MONTEAGUDO, L. (1954): «Joyas del Castro de Elviña (Coruña) y soluciones museológicas generales». *AEArq.*, vol. 27. Madrid: 236 ss.
- (1983): «¿Koiné del Bronce Atlántico?». *I Coloquio Galaico-Minhoto*. Ponte da Limia: 365-398.
- MOSCATI, S., ed. (1991) : *Les Celtes*. Milan.
- PEINADO Y GÓMEZ, N. (1965): *Torques celtas en el Museo Provincial de Lugo*. Servicio de Publicacións do Museu Provincial de Lug. Lugo.

- PÉREZ OUTEIRIÑO, B. (1980): «Os ornitomorfos no conxunto dos motivos decorativos da orfebrería castrexa». *Boletín Auriense.*, vol. 10. Ourense: 9-24.
- (1982): *De ourivesaría castrexa. I. Arracadas*. Boletín Auriense., anexo 1. Museu Arqueolóxico Provincial de Ourense. Ourense.
- POLLARD, J. (1977): *Birds in Greek Life and Myth*. Thames and Hudson. Londres.
- PRIEUR, J. (1988): *Les animaux sacrés dans l'Antiquité*. Paris.
- REY CASTIÑEIRA, J. (1991): *Yacimientos castreños de la Vertiente Atlántica: análisis de la cerámica indígena*. Tese microfilmada, nº 185. Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela.
- (1995): «Cuestiones de tipo territorial en la cultura castreña». *C. N. A., XXII* (Vigo, 1993). Vigo: 165-171.
- (1997): «Referencias de tiempo en la cultura material de los castros gallegos». *A cultura castrexa galega a debate*. Instituto de Estudos Tudenses. Tui: 159-206.
- (2000): «Apuntes para un encuadre de la cultura castreña en el marco peninsular». *3º Congreso de Arqueología Peninsular.*, vol. 5. Porto: 359-372.
- (2001): «Cerámica castrexa decorada». *Historia da arte galega.*, núm. 15. Edicións A Nosa Terra. Vigo.
- RODRÍGUEZ PUENTES, E. (1986): *La cerámica estampillada castreña (aportación a su estudio)*. Tese de licenciatura, inédita. Santiago de Compostela.
- (1995): «Aportaciones al estudio de la cerámica estampillada en la cultura castrexa». *Boletín do Instituto de Estudos Vigueses.*, 1. Vigo: 97-113.
- ROES, A. (1932): «Protomés doubles et têtes d'animaux géminées ». *Revue Archéologique.*, vol. 35. Paris : 197-206.
- ROMERO MASIÁ, A. e ARIAS VILAS, F. (1995): *Diccionario de termos de Arqueoloxía e Prehistoria*. Ir Indo Edicións. Vigo.
- ROSS, A. (1986): *The Pagan Celts*. London.
- SAAVEDRA MACHADO, J. (1965): «Torques de ouro de Vilas Boas de Tras-os-Montes». *AEArq.*, vol. 38. Madrid : 75 ss.
- STERCKX, C. (2000) : *Des dieux et des oiseaux. Réflexions sur l'ornithomorphisme de quelques dieux celtes*. Memoires de la S. B. E. C., núm. 12. Bruxelles.
- TOYNBEE, J. M. C. (1973): *Animals in Roman Life and Art*. London.
- VÁZQUEZ VARELA, J. M. (1994): *Ritos y creencias en la prehistoria gallega*. Editorial Xuntanza. Laracha.
- (1995): *Antepasados, guerreros y visiones (análisis antropológico del arte prehistórico de Galicia)*. Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Pontevedra. Pontevedra.
- VRIES, J. d. (1963): *La Religion des Celtes*. Paris.
- VV. AA. (1991): *Los celtas en la península ibérica*. Monográfico da Revista de Arqueología. Madrid.
- VV.AA. (1997b): *El oro y la orfebrería prehistórica de Galicia*. Servicio de Publicacións do Museu Provincial de Lugo. Lugo.



*Achega ó estudo dos ornitomorfos acuáticos da cultura castrexa...*




LÁMINA I: Fíbula e pormenor.




LÁMINA II: *Anas clypeata*.

*Achega ó estudo dos ornitomorfos acuáticos da cultura castrexa...*




LÁMINA III: Representazón de ornitomorfos acuáticos na cultura castrexa galaica.




LÁMINA IV: Representación de ornitomorfos acuáticos na cerámica estampillada castrexa.




LÁMINA V: Mapa de motivos ornitomorfos acuáticos no NW peninsular.